

## DISCURSO DO DEFENSOR UNIVERSITARIO ANTE O CLAUSTRO

Bo día e saúdos cordiais.

Os Estatutos da nosa Universidade establecen que o defensor universitario dará conta anualmente, e a través dun informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

En cumprimento desta normativa elaborouse un informe-memoria, cuxo contido forma parte da documentación deste Claustro, polo que está a disposición de todos vostedes por se tivesen interese en consultalo. Nel recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do ano 2016.

Trátase dun exercicio de transparencia e rendición de contas ante a comunidade universitaria, e tamén ante o conxunto da sociedade da que formamos parte e á que temos a obriga de servir.

No que respecta aos contidos, o Informe estrutúrase en dous grandes bloques:

- O primeiro (constituído polos apartados 1 e 2) ten carácter introdutorio, xa que refire o marco normativo, conceptual e metodolóxico-funcional no que se desenvolve o TG.
- O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do Tribunal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016:
  - ❖ O apartado 3 é o máis extenso porque dá conta da súa principal tarefa: incoar e tramitar expedientes tralas reclamacións e queixas presentadas.
  - ❖ No apartado 4 relaciónanse outras actuacións, non menos importantes, tales como consultas, mediacións, entrevistas ou recomendacións.
  - ❖ No apartado 5 infórmase sobre un importante ámbito de actuación que o TG está a potenciar nos últimos anos: as relacións institucionais e a actividade exterior.
  - ❖ No apartado 6 detállase o orzamento do Tribunal e a súa execución no ano 2016.
  - ❖ No apartado 7 coméntanse algúns aspectos relevantes relacionados cos datos e cifras contidas no Informe.
  - ❖ Finalmente, no anexo recóllese a composición do Tribunal e móstranse os cambios que se produciron na súa composición ao longo do ano 2016.

Este é, pois, o contido deste Informe, do que todos vostedes, Sras. e Sres. claustrais, dispoñen de completa información na documentación anexa a este Claustro. Dos seus datos pódense extraer algunhas conclusións e comentarios que é preciso subliñar.

En primeiro lugar, e contando co precedente do ano anterior, continuamos nesa liña de actualización e mellora en relación co formato e deseño do Informe. O obxectivo non só é facelo máis visual, atractivo e didáctico, incorporando máis gráficos, cadros e imaxes; trátase tamén de dotalo dunha maior funcionalidade, que facilite o seu manexo e a consulta da información que contén. Este foi un dos obxectivos propostos para este segundo mandato.

Outra consideración ten que ver co descenso no número de expedientes tramitados (25, fronte aos 51 do ano pasado); un feito que vén confirmar unha tendencia á baixa no número de reclamacións presentadas iniciada no ano 2014. Este feito, que nos afasta tanto da cifra récord de 66 expedientes acadada no ano 2013, ten que ser motivo de satisfacción, e debe ser destacado.

No que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maioría dos expedientes e asuntos tratados están referidos ao alumnado (un 76%), seguido a bastante distancia polo persoal de administración e servizos (un 12%) e polo profesorado (tamén un 12%). Este comportamento -que é moi semellante ao do resto das defensorías universitarias españolas- segue a ser moi similar ao dos anos anteriores.

Na distribución por campus, e mantendo un comportamento parecido ao de anos anteriores, apréciase un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (un 68%), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense e de Pontevedra (ámbolos dous cun 16%).

Na división por sexos (esta é unha novidade no actual informe), apréciase un predominio do colectivo masculino (un 48%) en relación co feminino (un 36%). O 16% restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ámbolos dous sexos.

Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados, en primeiro lugar e maioritariamente, coa reclamación e revisión de cualificacións; coa avaliación curricular e co aprobado por compensación, unha problemática que en moitos casos está relacionada con titulacións en proceso de extinción e coas dificultades de adaptación ao grao; coa validación de materias cursadas en programas de intercambio; con comportamentos arbitrarios, faltas de respecto e incumprimento das guías docentes por parte do PDI: nun caso concreto, estes comportamentos

provocaron que un proceso de revisión de exame se prolongase máis dun ano; un feito puntual pero que non debería repetirse.

É preciso destacar tamén que no ámbito do alumnado produciuse un caso de acoso escolar, en relación co cal o TG actuou con celeridade; no transcurso das súas actuacións detectouse que se ben a Uvigo dispuña xa de protocolos aplicables tanto aos casos de acoso laboral como sexual, carecía do correspondente ao acoso escolar, o que deu lugar a unha recomendación posterior do TG.

En relación a esta problemática, e a pesares de que na nosa universidade represente na actualidade un feito excepcional, cómpre estar en garda; entre outras razóns porque segundo un estudo do grupo CIES de esta universidade, o 70% do alumnado galego da ESO sofre algún tipo de acoso escolar (sete de cada 10 estudantes). A circunstancia de que estes comportamentos teñan lugar en etapas educativas que preceden ao ingreso na universidade debería, insisto, manternos vixiantes en relación a esta praga.

En relación coa obriga inescusable de respectar os dereitos dos estudantes, o TG fai un chamamento para que estes, os estudantes, non sexan en ningún caso utilizados como vítimas ou reféns nos conflitos e enfrontamentos que poidan producirse entre o PDI. Estes comportamentos, dos que o TG ten coñecemento, son intolerables, e non poden volver producirse.

Respecto ao profesorado, apréciase que os motivos das súas reclamacións están relacionados con procesos de convocatoria e resolución de prazas; tamén coa dificultade para compatibilizar o dereito á información pública co dereito á protección de datos.

Pero, máis alá do reflectido na estatística do informe, cómpre subliñar que cada vez son máis os docentes que se dirixen á defensoría, tanto para proporcionar información como para expresar opinión sobre diferentes aspectos que atinxen á nosa realidade universitaria. O TG debe informar e este Claustro de cales son esas inquiredanzas e percepcións, para que logo poidan ser tomadas en consideración polos órganos competentes.

Algunhas inquiredanzas veñen motivadas polo incremento do uso indebido das novas tecnoloxías, e que dá lugar a casos de plaxio, copia, acoso e indisciplina nas aulas. Outras están relacionadas co aumento supostamente inxustificado dos trámites burocráticos esixidos na xestión de fondos de investigación; o que constitúe un elemento desincentivador. Outras fan referencia aos trastornos ocasionados pola implantación das unidades administrativas centralizadas para os departamentos.

Hai outra preocupación que, en modo algún, debe ser ignorada, por afectar ao benestar e a saúde das persoas, e tamén á calidade das súas prestacións e rendementos. Referímonos a situacións de sobrecarga, estrés e fatiga, o que nos sitúa nun escenario permanente de frenesí, precipitación, improvisación e superficialidade; o que provoca, en moitos casos, actuacións erráticas, arbitrarias e carentes de rigor; algo que atenta contra a esencia da nosa institución, á que se lle esixe solidez, calidade e fiabilidade.

Sras. e Sres. claustrais: imos demasiado rápido, e ás veces nin sequera sabemos adonde imos ou se imos na dirección correcta; o sistema ou modelo ao que todas e todos contribuímos a crear e reproducir imponnos vivir nun estado de permanente aceleración. Pero isto non é sostible, e vai *contra natura*, polo que deberíamos reaccionar.

Consideramos, a este respecto, que se hai unha institución que non debería deixarse contaxiar polo ritmo desbocado que caracteriza as sociedades actuais, esa institución é a nosa, é a universidade. Non debemos permitir que ese paradigma e ese *modus operandi* baseado no leitmotiv “cada vez máis”, se instale na universidade, porque iso significaría, entre outras consecuencias, aniquilar a figura do sabio, do intelectual e do científico, substituíndoo por un novo tipo académico cuxo fin último sería producir *papers*.

Por último, o persoal de administración e servizos reclama principalmente por cuestións relacionadas con convocatorias de concorrenza competitiva (Programas Erasmus-PAS); e tamén con situacións de acoso laboral. Os impactos sufridos pola aprobación da última RPT, e debido principalmente ás proporcións acadadas pola mesma, tamén tiveron eco, e ségueno tendo, no TG.

Neste apartado resulta inevitable preguntarse por que houbo que esperar 16 anos para aprobar unha nova RPT; e tamén resulta inevitable preguntarse por que despois de tanto tempo non foi posible acadar un acordo ou un consenso, aínda que fose áspero, entre as partes, impedindo así a xudicialización dunha cuestión que tanto afecta á convivencia.

Dentro das actuacións levadas a cabo polo TG, cómpre sinalar ademais as entrevistas mantidas con persoas pertencentes aos distintos sectores de nosa comunidade universitaria; as informacións e orientacións proporcionadas principalmente ao sector do alumnado como consecuencia de consultas efectuadas.

As actividades encadradas dentro do apartado das relacións institucionais e exteriores, algo que se ven impulsando nos últimos anos, e que se concretan na participación e promoción de encontros, estudos e iniciativas encamiñadas a potenciar a institución da Defensoría, tanto no ámbito do SUG coma no nacional e internacional.

E, por último, as recomendacións e propostas formuladas, que derivan tanto das reclamacións ou queixas presentadas como das iniciativas promovidas polo propio Tribunal. En relación con este tema, satisfainos manifestar que, con carácter xeral, tanto os órganos como as persoas destinatarias das recomendacións cómpren axeitadamente con esa norma de cortesía, e tamén de legalidade, de daren conta ao TG da súa recepción, da súa viabilidade e, de ser o caso, do seu estado de execución. Agradecemos especialmente a boa predisposición e a colaboración da Secretaría Xeral, o que permite facer un seguimento puntual das propostas formuladas.

Antes de finalizar esta reflexión-comentario sobre o acontecido en 2016, quixera suscitar ante o Claustro varios asuntos que afectan ao bo funcionamento da nosa institución universitaria, razón pola cal deberían ser obxecto dunha especial atención en adiante:

1. Na Lei do sistema universitario galego de 2013 dise que, un dos obxectivos e fins do SUG, é o fomento da cultura da solidariedade entre os membros da comunidade universitaria. Recoñecendo o esforzo que se está a facer neste eido, cabe preguntarse se aínda podemos mellorar en todo aquilo que atinxe ao voluntariado, asociacionismo, cooperación ao desenvolvemento, etc. Constatando que no seo das nosas sociedades hai milleiros de mozas e mozos predispostos a compartir e a axudar aos demais, temos que estar preparados para que cando todos eles chegan á universidade, dispoñan da suficiente información e medios para que poidan poñer en práctica os seus valores e actitudes solidarias.

Neste senso, o TG desexa destacar e poñer en valor iniciativas coma o programa de mentorización MEET-Uvigo, que naceu na Escola de Telecomunicación e que xa se estendeu a outros tres centros máis (Enxeñaría de Minas e Enerxía, Química, e Filloxía e Tradución). O noso recoñecemento aos profesores e aos estudantes por esa acción solidaria, e o noso desexo de que estas e outras iniciativas se estendan a outros centros e campus da nosa universidade.

E continuando coa cuestión solidaria, o TG considera que do mesmo xeito que se crean premios para recoñecer e enaltecer condutas, traxectorias e feitos exemplares e eminentes noutros eidos, ¿por que non crear tamén un premio á solidariedade na Uvigo? Unha idea e unha recomendación que lle trasladamos a este Claustro, e tamén ao goberno da universidade para que o consideren. Atrévansen, innoven, fomenten tamén os valores, e creen o “Premio Universidade de Vigo da solidariedade”; e fágano extensivo a calquera ser humano cuxa opción vital é a de compartir. Isto tamén encaixa.

2. A principios do ano pasado aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno de Galicia. Como xa manifestamos nunha intervención anterior, as súas disposicións son aplicables ás universidades, polo que cómpre tomalas en serio e poñer en práctica os seus principios reitores: transparencia e rendición de contas, accesibilidade universal á información pública, non discriminación tecnolóxica nin lingüística respecto da mesma, e a súa reutilización en beneficio da sociedade.

Esta lei obríganos, ademais, a garantir unha publicidade activa (a chamada transparencia activa), isto é, publicar por propia iniciativa e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, íntegra, obxectiva e accesible toda aquela información relevante relativa ao funcionamento da universidade.

Temos que felicitarnos (e felicitár tamén ás persoas que o fan posible), polo feito de que nos últimos Informes de transparencia das universidades españolas, a UVigo volve a ocupar postos destacados entre as consideradas transparentes, e moi afastada das tipificadas como translúcidas e opacas. O noso portal de transparencia constitúe unha excelente carta de presentación, e tamén cómpre destacar o feito de contar xa cun Regulamento de transparencia e acceso á información pública, recentemente aprobado.

Agora ben, non podemos caer na compracencia, senón perseverar nesta nova cultura da transparencia, rendición de contas e bo goberno, o que nos obriga a todas e todos a ir interiorizándoa e practicándoa, no día a día, e no contexto das nosas respectivas responsabilidades.

3. A Uvigo está procedendo na actualidade a reformar os Estatutos, a súa norma institucional básica. Respectando a independencia e autonomía do órgano lexislador, o TG quere manifestar, en primeiro lugar, o seu desexo de que o resultado final desta reforma signifique un perfeccionamento das nosas regras de xogo e unha mellora nos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria.

En segundo lugar, o TG considera que temos unha magnífica oportunidade para, a través dunha nova normativa (Estatutos e Regulamentos), poder facer fronte a unha serie de problemas de carácter endémico detectados ao longo destes anos, e dos que o TG ven dando conta a través de recomendacións e de outras actuacións. Entre eles destacaríamos os seguintes:

a) Revisar, actualizar e precisar todo o relativo ao procedemento e a os órganos competentes para tramitar e resolver as revisións/impugnacións das cualificacións do alumnado; incluíndo a posibilidade de promover un tribunal externo doutra universidade, unha opción que na actualidade presenta serios

problemas de viabilidade. Ocúpense a fondo desta cuestión, que tantos conflitos, reclamacións y costes de todo tipo ocasiona.

b) Regular e precisar o concepto e contido das guías docentes, onde quede constancia de que é un documento de obrigado cumprimento, e onde se garanta máis claridade en aspectos tan sensibles para os estudantes como o da metodoloxía avaliadora; esta ten que ser intelixible e funcional, evitando fórmulas complexas, confusas e alambicadas. A liberdade de cátedra tamén neste ámbito ten os seus límites.

c) Fixar unhas pautas xerais en relación ao procedemento a seguir respecto a aqueles estudantes que, por razóns suficientemente xustificadas, soliciten non acollerse ao réxime de non presencialidade e avaliación continua. Na actualidade cada centro ven xestionando esta cuestión de xeito autónomo, pero debería pensarse na conveniencia de establecer unha normativa básica y de carácter xeral.

d) Seguindo coa reforma estatutaria, e polo que reflicte o borrador dos Estatutos, comprobamos que se están empregando a fondo coa institución do Valedor/a universitario, que aparece agora irrecoñecible, e como consecuencia das novas esixencias legais. Desexamos que acerten no deseño do novo modelo, para que esta institución poida seguir cumprindo axeitadamente coas súas funcións.

Respecten e fortalezan a esta institución; con unha traxectoria consolidada nesta universidade, e cun prestixio que vai máis aló das persoas que a representan. Un prestixio que se fundamenta sobre todo na natureza e nas funcións fixadas no seu día polo lexislador (a defensa dos dereitos e liberdades, e a contribución a mellora da calidade universitaria nun sentido holístico e integral). Estas atribucións fan deste órgano algo singular, único, diferente aos demais, e cun espazo propio de actuación. Somos esa conciencia crítica, ese observatorio imparcial e insubornable, ese axente conciliador e con capacidade de iniciativa e de proposta sen límite.

Permítanme, nesta orde de cousas, facerlles partícipes dunha profunda convicción. Non existen límites para a defensa dos dereitos e liberdades, nin para a mellora da calidade. O único límite establéceo un mesmo, en función da súa identificación co cargo, da súa dedicación, do seu atrevemento e tamén da súa capacidade de utopía.

Todas estas atribucións son as que nos lexitiman e permiten suscitar ante todas e todos vostedes, e ano tras ano, cuestións como as que hoxe acabo de expoñer.

Por todo iso, pídolles e rógolles que acerten co novo modelo de defensoría; e que deseñen un escenario que potencie a institución e facilite o pleno cumprimento da súas tarefas.

4. Acabo. Somos conscientes de que vivimos un momento de final de traxecto, polo que resulta inescusable facer unha mínima reflexión ao respecto.

As actuacións levadas a cabo por este Tribunal, en especial aquelas que acadaron un resultado satisfactorio, foron posibles grazas á colaboración de moitos de vostedes. Unha colaboración que en nome de todos os membros do TG quero agradecerlles moi sinceramente.

En relación coa presentación deste Informe quero expresar unha última idea: todas as actuacións levadas a cabo foron posibles grazas ás persoas que forman parte do Tribunal en representación do alumnado, do PAS e do PDI; o meu sincero recoñecemento e gratitude a todas e todos eles: Rosalía Carrillo, Ana Martínez, Guillermo de Oca, Francisco Rey, Coral del Río, Sara Torres y Ernesto Vázquez-Rey; á nosa secretaria Lola Pous, e sen esquecer a Ana Mosquera polo tempo que estivo con nós.

¿E como vamos a esquecernos de todas e todos os demais membros do TG, que durante estes dezoito anos de vida, aportaron tanta dedicación e apoio desinteresado e valioso?\_Grazas, moitas grazas, a todas e todos eles, e un recoñecemento especial para o noso admirado predecesor Luís Espada.

Quero, ademais, pedirilles desculpas polo que fixen mal, e tamén polo que deixei de facer.

¡¡Moitas grazas!!